

Nome _____

Data _____

REPASA ESTA INFORMACIÓN.

No século VIII, os **musulmáns** invadiron o reino visigodo. Ao territorio que ocuparon chamárono **al-Ándalus**.

1 Completa as oracións coa palabra correcta. Despois, ordena cronoloxicamente os acontecementos. Escribe 1, 2, 3, 4, 5.

- Os _____ derrotaron os visigodos na batalla de _____ e ocuparon case toda a Península e as illas Baleares.
- O último territorio musulmán na Península foi o reino _____.
- Ao principio al-Ándalus foi un _____, que dependía do califa de Damasco.
- Na batalla de _____ en 1212, os musulmáns foron derrotados por un exército integrado por casteláns, navarros e aragoneses.
- No século X, al-Ándalus converteuse nun _____.

2 Que diferenza existe entre un emirato e un califato?

3 Observa o mapa e responde as preguntas.



- Que dous territorios están representados?

- Como aparece o territorio musulmán: unido ou dividido?

- A que período da historia de al-Ándalus pertence este mapa?

Nome _____


Data _____

REPASA ESTA INFORMACIÓN.

O **islam** é a relixión dos musulmáns. En al-Ándalus, a sociedade estaba formada por persoas de distintas relixións.

1 Enumera as cinco obrigacións que debe cumprir un musulmán.

2 Completa o esquema da sociedade en al-Ándalus.



3 Responde as preguntas.

- Que trazos da época andalusí conservamos na nosa cultura?

- Por que se caracterizou a arquitectura árabe?
